



**COLEXIO  
PROFESIONAL  
DE XORNALISTAS  
DE GALICIA**



## **Normas de hixiene (informativa) para tempos de pandemia (xornalística)**

Se este fose un manifesto de verdade, eu hoxe falaría dos defectos e virtudes do xornalismo actual: Laiaríame por algúns dos nosos innumerables problemas; buscaría presuntos culpables da precariedade, da manipulación ou do intrusismo; propoñería algunhas solucións seguramente ineficaces; e concluiría dándovos azos e algún motivo máis ou menos consistente para seguirmos loitando dende a nosa particular trincheira informativa de cada día.

Se este fose un manifesto de verdade, eu hoxe proclamaría, por exemplo, que o noso é un traballo esencial; que, dende as nosas responsabilidades, estivemos sempre en primeira liña de batalla contra a pandemia; e que co noso esforzo estamos contribuíndo a inmunizar á sociedade (que non ao rabaño) contra o virus da desinformación.

Se este fose un manifesto de verdade, eu hoxe pediría que iniciásemos a desescalada inmediata da manipulación; que buscásemos fórmulas para reducir a inasumible incidencia acumulada do desemprego na nosa profesión; ou que desconfinásemos a liberdade de prensa, en mans -moitas veces- de intereses alleos por completo aos seus valores fundamentais. De feito, chegados a este punto, eu diría en ton moi dramático e intenso: “Quitade as vosas sucias mans da nosa liberdade de prensa”.

Se este fose un manifesto de verdade, eu recomendaríavos que lavásedes as mans de forma frecuente, claro, pero que nunca vos “lavásedes as mans” á hora de cumprir coas vosas obrigas e responsabilidades. Pediríavos que lle fixésedes un cribado ao ruído mediático, que lle aplicásedes unha boa dose de xel hidroalcohólico á intoxicación e que seguísedes escrupulosamente todas as medidas de hixiene informativa contra as fake news. Tamén vos pediría que nunca permitísedes que esa profilaxe se convertise nunha asepsia tan parecida á equidistancia que acabase branqueando determinados comportamentos e determinadas ideoloxías.

Se este fose un manifesto de verdade, hoxe tamén aconsellaría que gardásemos a necesaria distancia de seguridade cos poderes políticos ou cos poderes económicos; que levantásemos dunha vez por todas o toque de queda dos vetos e a censura; e que liberásemos a patente (de curso) que algúns lle impoñen á información co único obxectivo de mercadear con ela e marcar a axenda en función dos seus intereses particulares. Diría tamén que o uso da máscara é imprescindible para evitar contaxios (e incluso asfixias por cortinas de fume), pero que nunca debe ser un pretexto para enmascarar a verdade nin un obstáculo para que a vosa voz soe alta e clara en defensa de todas aquelas persoas ás que se lles quere quitar a voz.

Se este fose un manifesto de verdade diría, sen dubidar, que malia o desprestixio, (gañado a pulso, moitas veces) esta profesión aínda non está na UCI nin precisa de respiración asistida nin tampouco de que decretemos un estado de alarma. Diría que malia a falta de credibilidade aínda somos unha ferramenta útil para a xente, que este oficio aínda ten a capacidade de cambiar o mundo e que o noso traballo é fundamental para construírmonos unha sociedade mellor, máis igualitaria, máis libre, máis crítica, menos corrupta, menos manipulable... E todo iso aínda que a veces a sociedade non nolo queira recoñecer nin con un pequeno aplauso dende as fiestras. Pero supoño que haberá motivos para que non sexa así.

En definitiva: se este fose un manifesto de verdade, eu hoxe falaría de todo iso e de algunha cousa máis que se me ocorrese. Pero non o vou facer porque sospeito que, ademais de pouco orixinal, se eu dixese todo iso sería algo frívolo e bastante inxenuo. E, ademais, isto acabaría parecendo unha terapia de grupo dos Xornalistas Anónimos, máis que un acto solemne de conmemoración e celebración da liberdade de prensa.

Hai outra razón pola que non vou dicir todo iso. A máis importante.

E é porque xusto cando me dispoñía a escribir ese “manifesto de verdade”, o primeiro que vin ao prender o ordenador foi a noticia do asasinato de Roberto Fraile e David Beriain. Como sabedes, ambos foron abatidos tras caer nunha emboscada mentres rodaban un documental sobre a caza furtiva en Burkina Faso. E naquel intre pensei que non pagaba a pena continuar, que non tiña ningún sentido escribir nin unha soa palabra sobre a nosa profesión, ou sobre a liberdade de prensa ou sobre a precariedade dos medios ou sobre o que fose... Porque calquera cousa que eu puidese escribir ou dicir palidecería sen remedio ante este brutal exemplo de compromiso co xornalismo e desta terrible lección do que supón, a veces, o exercicio da liberdade de prensa.

Por iso non vou facer ningún manifesto ao uso, aínda que si me gustaría manifestar un par de cousas, antes de rematar:

A primeira cousa que quero manifestar é o meu respecto, o meu recoñecemento e a miña profunda admiración por Roberto Fraile e David Beriain, dous colegas que se suman á longuísima lista de xornalistas que ano tras ano arriscan, e moitas veces perden, a vida intentando contar historias que outros non queren que se conten.

A segunda cousa que quero manifestar é o meu respecto, o meu recoñecemento e a miña admiración polos dous compañeiros que hoxe van recoller o premio José Couso de Liberdade de Prensa.

O gañador do ano 2020, Lorenzo Milá, un exemplo de rigor, sensatez, seriedade e independencia en tempos nos que abundan os pirómanos de tertulia e nos que as empresas de comunicación semellan vivir instaladas nun continuo estado de excepción e de estridencia informativa.

O gañador deste ano 2021, Manuel Rico, referente no xornalismo de investigación e que co seu traballo sobre a xestión das residencias deulle sentido a unha das funcións imprescindibles que debe ter o noso oficio: a defensa dos máis vulnerables entre os vulnerables no medio da pandemia. O libro resultado desas investigacións titúlase *Vergoña!*, con grandes signos de exclamación, pero para nós é un Orgullo!, con grandes signos de admiración.

E a terceira, e xa derradeira cousa que quero manifestar ten un compoñente algo máis persoal, (E ATA AQUÍ PODO LER...)

Moitas grazas

***César Carracedo***  
***Xornalista***